

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 9 DE DECEMBRO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 162/2012, do 7 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Juan Carlos Argüello como presidente do Xurado de Expropiacións de Galicia.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: itinerario peonil e ciclista na PO-331. Treito: Atín. p.q. 1+890 - 2+810, de clave PO/16/104.06, nos concellos de Mos e O Porriño.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de todo o dominio público da estrada OU-223 (OU-902 – Estación do Irixo) desde o p.q. 0+000 ao 1+010, a prol do Concello do Irixo.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) para a contratación do “Alugamento de dúas depuradoras de osmose inversa novas para levar a cabo a depuración dos lixiviados do vertedoiro de residuos non perigosos da Areosa” (NC0017/2016), por un valor estimado de cinco millóns catrocentos sesenta e dous mil novecentos sesenta euros (5.462.960,00€).

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual para a concesión de cincuenta e cinco libranzas de prestación de coidados no contorno familiar consonte ás previsións establecidas pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, por un importe total de cento trinta e un mil cincocentos corenta e nove euros con setenta e cinco céntimos (131.549,75€).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe a resolución da convocatoria de unidades mixtas 2016.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre a avaliación do Programa Internacional para la Evaluación de Estudiantes (PISA) do alumnado galego no ano 2015.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a posta en marcha do Plan de innovación Código 100 a través de convenio co Ministerio de Economía e Competitividade e inicio da etapa de consultas ao mercado.
- Informe de situación do Plan de Compras Centralizadas 2016/2017.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da aprobación das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da aprobación das axudas destinadas ao fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

## **A XUNTA AMPLÍA A 3.600 AS AUTORIZACIÓNS PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS DE APOSTAS EN LOCAIS DE HOSTALARÍA**

- *O Consello aproba a modificación do actual decreto polo que se aproba o Regulamento de apostas, en resposta á demanda dun sector que está en pleno crecemento en Galicia*
- *Este texto xorde dunha previsión xa recollida no decreto que agora se modifica de revisión do número máximo deste tipo de máquinas que se poden instalar en locais de hostalaría*
- *Obriga ás empresas a solicitar as autorizacións de cen en cen e acreditar que teñen en uso todas as autorizacións concedidas ata o momento, así como a abrir unha tenda de apostas por cada cen autorizacións concedidas*

O Consello da Xunta deu luz verde ao decreto que permitirá ampliar o número máximo de autorizacións de instalacións de máquinas de apostas en locais de hostalaría, de xeito que se pase das 2.000 actuais a un total de 3.600.

Esta ampliación materializarase en virtude das solicitudes de novas autorizacións que realicen as empresas interesadas. A partir deste momento, este tipo de autorizacións só se poderá solicitar de cen en cen e manterase o límite de que ningunha empresa poderá superar o número máximo de 600 autorizacións para a instalación de máquinas de apostas en locais de hostalería.

Ademais, o novo decreto impón ás empresas a obriga de acreditar que teñen en uso todas as autorizacións que lle fosen concedidas ata o momento da súa solicitude, así como ter abertas todas as tendas de apostas que lle fosen autorizadas –unha tenda por cada cen autorizacións–.

Esta iniciativa responde a unha demanda do sector. Na actualidade, as distintas empresas autorizadas para a comercialización e explotación de apostas en Galicia teñen en uso a práctica totalidade das súas autorizacións e demandan máis xa que o mercado está a crecer e o límite actual de autorizacións non resulta suficiente para atender as necesidades dos consumidores e usuarios.

O feito de que se condicione o número máximo de autorizacións que se poden pedir en cada solicitude -cen- e que se someta a concesión destas autorizacións aos requisitos descritos -ter instaladas todas as máquinas autorizadas e abertas todas as tendas- obedece á necesidade de conservar un equilibrio entre os distintos subsectores do xogo e de que a oferta que se realice de máquinas de apostas obedeza a unha demanda real por parte dos consumidores e usuarios.

## **JUAN CARLOS ARGÜELLO FERNÁNDEZ CESA COMO PRESIDENTE DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA**

- *Deixa a petición propia o cargo que viña ocupando desde xaneiro de 2012 e que conservará o rango administrativo de subdirección xeral*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se dispón o cesamento de Juan Carlos Argüello Fernández como presidente do Xurado de Expropiación de Galicia, un posto que conservará o rango administrativo de subdirección xeral.

Argüello Fernández deixa a petición propia, por motivos persoais, o cargo que viña ocupando desde xaneiro de 2012. Liceenciado en Dereito e funcionario do Corpo Superior de Administración, previamente desempeñara diversos labores de responsabilidade na Xunta de Galicia, como subdirector xeral de Xestión e Coordinación na Consellería de Agricultura ou como xefe da Unidade Técnico-xurídica do organismo autónomo Augas de Galicia, un ente do que foi, ademais secretario xeral, e subdirector xeral de Dominio Público Hidráulico.

O Xurado de Expropiación de Galicia ten como funcións a fixación por vía administrativa do prezo xusto expropiatorio en taxacións individuais, cando non existe mutuo acordo entre a Administración e os particulares; e en taxación conxunta, cando os titulares dos bens ou dereitos formulasen oposición á valoración contida no proxecto de expropiación aprobado polo órgano competente. Este organismo tamén debe fixar a contía das indemnizacións por ocupacións temporais e requisas.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA PARA PEÓNS E CICLISTAS NA PO-331 ATA O CEIP DE ATÍN

- *Este proxecto para a construción das citadas sendas, que terán unha lonxitude de 1.033 metros, conta cun orzamento de case 500.000 euros*
- *O Decreto de Utilidade Pública comprende as expropiacións das 31 fincas para a execución dunha senda que dará continuidade ao itinerario peonil existente no núcleo do Porriño ata o paso superior sobre a AP-9, nas proximidades de Atín*
- *Esta iniciativa enmárcase no Plan de Sendas de Galicia, co que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda executará 170 quilómetros de sendas sostibles, seguras e integradas na paisaxe*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se declara a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción dunha senda peonil e ciclista ao longo da estrada PO-331, no lugar de Atín, concretamente entre os puntos quilométricos 1+890 e 2+810, a o seu paso polos Concellos de Mos e O Porriño.

Este proxecto para a construción do citado itinerario, que terá unha lonxitude de 1.033 metros, conta cun orzamento de case 500.000 euros.

O Decreto de Utilidade Pública comprende as expropiacións das 31 fincas necesarias para a execución dunha senda para uso peonil e ciclista na estrada PO-331 (Torreiros – Gondomar), que dará continuidade ao itinerario peonil existente no núcleo do Porriño (p.q. 1+850) ata o paso superior existente sobre a AP-9 nas proximidades de Atín (p.q. 2+810).

Esta actuación enmárcase no Plan de Sendas de Galicia, que prevé a execución de 170 quilómetros de sendas sostibles, seguras e integradas na paisaxe. Os itinerarios propostos para a comarca de Vigo foran presentados o pasado 16 de marzo pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda, e suman 12 quilómetros en 11 novas sendas.

### Características técnicas

A actuación iníciase na marxe esquerda da estrada, na que se construírá unha senda da 933 metros de lonxitude, desde o p.q. 1+850, nas proximidades do Colexio Santo Tomás no que finalizan as actuais beirarrúas, ata a ponte sobre a AP-9, pasando pola intersección existente coa estrada a Pereiras – Tameiga (p.q. 2+750). A senda terá un ancho mínimo de 1,8 metros e irá separada da calzada por unha banda verde nos tramos que é posible.

Pola marxe dereita da estrada, a obra terá unha lonxitude de 200 metros e comezará na intersección coa estrada municipal Pereiras- Tameiga, dado que ata este punto xa

existe beirarrúa. A senda nesta marxe desviarase da estrada nos últimos 80 metros ata o acceso ao centro escolar de Atín. Neste último tramo terá un ancho de 3 metros.

Coa execución desta senda existirá un itinerario peonil continuo polas dúas marxes da vía que comunicará os dous centros de ensinanza co Porriño.

Cómpre lembrar que tamén se proxecta a mellora da intersección entre a PO-331 e a estrada Pereira – Tameiga, na que se construírá unha semiglorieta para facilitar os xiros á esquerda neste punto.

A obra complétase coa colocación dunha rede de saneamento e doutra para pluviais en todo o tramo obxecto da actuación, e tamén co alumeadado da senda prevista na marxe dereita da estrada ata o CEIP de Atín.

Plano de planta



## **A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DO IRIXO A ESTRADA OU-223, QUE DÁ ACCESO Á ESTACIÓN DE FERROCARRIL**

- *A estrada, que ten unha lonxitude de 0,97 quilómetros, iníciase no núcleo de Abanico, na intersección coa OU-902, e finaliza na estación de ferrocarril do Irixo*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes*
- *Corresponderanlle ao Concello do Irixo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria*

O Consello da Xunta aproba o proxecto de decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de todo o dominio público da estrada OU-223 (OU-902 – Estación do Irixo) desde o p.q. 0+000 ao 1+010, a prol do Concello do Irixo.


A estrada, que ten unha lonxitude de 0,97 quilómetros, iníciase no núcleo de Abanico, na intersección coa OU-902 (Lalín – O Carballiño) e finaliza na estación de ferrocarril do Irixo. Rexistra un tráfico de tipo local, de acceso ás vivendas existentes ou á estación, e non ten funcionalidade na rede autonómica de estradas.

Co cambio de titularidade, o Concello do Irixo poderá actuar sobre estas vías, que pasan a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos, e reducirá as cargas administrativas sobre os cidadáns dos núcleos polos que discorre.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle ao Concello do Irixo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas.





## **SOGAMA LICITA POR MÁIS DE 6,5 MILLÓNS DE EUROS O ALUGAMENTO E MANTEMENTO DE DÚAS DEPURADORAS DO VERTEDOIRO DE RESIDUOS DA AREOSA**

- *Este contrato –autorizado este mañá polo Consello da Xunta– permitirá substituír dúas das catro depuradoras de osmose inversa que tratan as augas do vertedoiro de residuos non perigosos dA Areosa*
- *As máquinas serán idénticas e traballarán de forma independente, contando cada unha delas cunha capacidade mínima de depuración de 200 m<sup>3</sup> de lixiviado ao día*
- *As depuradoras permitirán controlar o pH, as presións, os caudais, o nivel do tanque e as temperaturas*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a licitación do contrato de alugamento e mantemento de dúas depuradoras de osmose inversa que se instalarán no vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa, no concello de Cerceda, por un importe de 6,6 millóns de euros 5.462.960 + IVE.

A licitación do contrato de servizo inclúe, polo tanto, a substitución de dúas das catro instalacións que hai na actualidade, así como o seu mantemento, que poderá ser prorrogado por un ano máis.

A través dun sistema de bombas aspirarase desde as balsas o lixiviado que se vai depurar, o cal pasará por uns filtros de area con sistema de limpeza en automático a contracorrente. Posteriormente, e mediante a correspondente bomba, circulará polos módulos de membranas para obter o permeado, que en todo caso deberá cumprir coas condicións de vertedura recollidas na autorización ambiental integrada (AAI).

As dúas novas depuradoras serán idénticas e traballarán de xeito independente. Cada unha delas conta cunha capacidade mínima de depuración de 200 metros cúbicos de lixiviado ao día.

As depuradoras permitirán controlar, en continuo e de forma automática, o pH, presións, caudais (tanto o lixiviado como o permeado e o concentrado), condutividade, niveis de tanque, temperaturas e, en xeral, todos aqueles elementos que sexan necesarios para obter información, en tempo real. Ademais, as máquinas disporán de diversos elementos de apoio e complementarios, cos que se garantirá unha correcta operativa delas.

En definitiva, esta contratación garantirase e darase continuidade á operatividade dos sistemas de depuración no vertedoiro da Areosa, e poderase levar a cabo unha actividade compatible coa preservación da contorna e da saúde pública.

## A XUNTA DE GALICIA CONCEDE 775 NOVAS LIBRANZAS DE COIDADOS NO CONTORNO FAMILIAR AO AMPARO DO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

- ***Estes novos usuarios sumaranse ás máis de 48.000 persoas que na data actual están sendo atendidas a través do sistema***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión de novas libranzas de prestación de coidados no contorno familiar que está a promover a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Deste xeito, continúaase a incorporar progresivamente ao sistema ás persoas con dereito recoñecido pendentes de atención.

A través desta medida, a Xunta de Galicia dá resposta a 775 novos usuarios, que se veñen a unir aos novos usuarios que se recoñeceron nos meses de marzo, abril e maio, e que ata o de agora estaban pendentes de atención a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia. Deste xeito, a Administración autonómica posibilita a atención adecuada ás persoas solicitantes con base nas súas necesidades actuais, así como na súa situación socioeconómica. Pola súa vez, estes novos usuarios sumaranse ás 48.300 persoas que na data actual están sendo atendidas a través do sistema.

Desde o ano 2010, a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolveu un importante esforzo no despregamento dunha rede pública de servizos profesionais, tendo en conta que na data do 3 de outubro de 2016 o 76,56% do total das prestacións recoñecidas o son a través dun servizo profesional. Non obstante, conséntase que existe un gran número de persoas solicitantes que seguen a demandar como modalidade de intervención adecuada a prestación económica de coidados no contorno familiar. Neste senso, faise necesario propiciar a atención adecuada ás persoas solicitantes con base nas súas necesidades actuais, ao mesmo tempo que conxugar o impulso á rede de servizos públicos profesionais co disposto no artigo 29 da Lei 39/2006, que sinala a participación da persoa beneficiaria, ou de ser o caso, da súa familia ou entidades tutelares, no establecemento do programa individual de atención no que se determinarán as modalidades de intervención máis adecuadas ás súas necesidades. Deste xeito, é necesario propiciar a modalidade de intervención adecuada en función das necesidades da atención, así como da súa situación socioeconómica, a través das libranzas de coidados no contorno familiar.

A través de medidas como esta, a Xunta de Galicia cumpre o seu compromiso de continuar incrementando o número de persoas atendidas durante o 2016.

## AS UNIDADES MIXTAS DE INNOVACIÓN PROMOVIDAS POLA XUNTA MOBILIZAN 84 MILLÓNS E CREAM MÁIS DE 360 EMPREGOS EN SECTORES ESTRATÉXICOS PARA GALICIA

- *A terceira edición de unidades mixtas suma preto de 5 millóns de euros que contribúen á mobilización de 16,6 millóns, cifra que se suma aos 67 millóns das convocatorias de 2014 e 2015*
- *Este ano incorpóranse 7 novas unidades mixtas nas que empresas e organismos de investigación colaborarán en sectores industriais estratéxicos de cara a gañar competitividade no mercado global e onde, ademais, inclúese a participación de pemes*
- *A industria da automoción disporá de preto de 8 millóns para optimizar os procesos produtivos a través de tres proxectos, entre os que se encontra a consolidación da unidade CTAG-Borgwarner posta en marcha en 2014 e que continuará a desenvolver novas tecnoloxías para reducir as emisións*
- *Os sectores TIC, aeroespacial, da alimentación e da enerxía completan esta nova convocatoria con iniciativas centradas no impulso da Industria 4.0, na mellora da calidade de vida e na optimización dos recursos naturais; tres retos recollidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3)*
- *No programa, que achega os organismos de investigación á empresa incentivando a transferencia de coñecemento, están a participar compañías líderes nos seus sectores como Gas Natural, MGI Coutier, Grupo Copo e Netex*
- *En total, entre as tres edicións, serán 24 unidades mixtas con 24 grupos empresariais nos que participan 30 firmas: 23 grandes empresas, 6 medianas e unha pequena empresa*

A Xunta, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, continúa a súa aposta pola transferencia de coñecemento ao tecido empresarial como base para garantir o incremento da súa competitividade, polo que vén de resolver a terceira edición do programa de Unidades Mixtas de Investigación. Esta iniciativa permite a creación de centros de innovación mixtos nos que, ademais de organismos investigadores e grandes empresas, participan pemes.

Así, en 2016, a Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), destina preto de 5 millóns de euros a 7 novas unidades mixtas que mobilizarán 16,6 millóns. Estas cifras súmanse aos 67 millóns de euros recollidos nos proxectos seleccionados nas convocatorias de 2014 e 2015, elevando deste xeito ata os 84 millóns o capital mobilizado en 24 Unidades Mixtas que impulsan liñas de traballo innovadoras en sectores estratéxicos para Galicia. De feito, entre as tres edicións, participan ata 24 grupos empresariais formados por 30 compañías: 23 grandes empresas, 6 de tamaño mediano e unha pequena empresa. Todas as unidades

estarán operativas en 2017, agás na que participa PSA desde a primeira convocatoria e que remata este ano.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, as 7 novas unidades mixtas da actual convocatoria permitirán a creación de preto de 130 postos de traballo que, sumados aos 240 recollidos nas dúas primeiras edicións, suporá a xeración de máis de 360 empregos de alta cualificación.

As novas unidades mixtas desenvólvense no marco da Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, na procura de promover un modelo industrial baseado na fábrica intelixente, eido que está presente en todas as novas iniciativas desta edición, e veñen reforzar a capacidade innovadora de sectores estratéxicos para Galicia, en liña coas prioridades establecidas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3).

Así, a maior parte das novas unidades correspóndense co reto de incrementar a competitividade das industrias con máis peso na economía galega. Neste sentido, enmárcanse as tres unidades mixtas relacionadas coa automoción, que mobilizarán preto de 8 millóns de euros para a optimización de procesos produtivos.

Trátase dun sector que xa conta con 5 proxectos postos en marcha nas edicións anteriores. De feito, unha das novidades nesta ocasión é que unha das unidades mixtas concedidas é para consolidar a que xa existe desde 2014 entre o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e Borgwarner, o que permitirá continuar co traballo que están a desenvolver na creación de novos produtos e tecnoloxías para reducir as emisións. As outras dúas unidades centradas na industria do automóbil son, por unha banda, a que conforman o propio CTAG con MGI Coutier España; e, por outra, Aimen e o Grupo Copo.

Esta terceira edición complétase con novas unidades nos sectores da alimentación e da enerxía, que se engaden ás postas en marcha nas convocatorias de 2014 e 2015, e outras dúas que inauguran a nómina de unidades no ámbito das empresas TIC e o sector aeroespacial.

Xunto a empresas e organismos de investigación, nas novas Unidades Mixtas tamén colaborarán pequenas e medianas empresas. É o caso do consorcio sobre o sector da alimentación no que Anfaco-Cecopesca e Emenasa Industria y Automatismo colaborarán coa peme viguesa Baliño; a unidade formada por Gradient xunto a Netex, con sede en Oleiros (A Coruña), para desenvolver, dentro do sector TIC, a sociedade do coñecemento; e o consorcio integrado polo Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia (Cinae), que participa por primeira vez neste programa, con Aistech Space.

No eido da enerxía, EnergyLab porá en marcha unha unidade mixta sobre gas renovable con Gas Natural SDG e Gas Natural Fenosa Engineering. Neste caso, tanto EnergyLab como Gas Natural SDG xa están a compartir a súa experiencia nunha unidade que se incluíu na primeira edición e que se centra na mobilidade sustentable.

Mediante as Unidades Mixtas, o Goberno galego contribúe a estimular a atracción de capital privado con destino a impulsar a innovación galega e a captación e retención de talento. Neste sentido, aos centros de coñecemento galegos e empresas que integran esta edición súmanse industrias líderes nos seus sectores que foron seleccionadas nas convocatorias de 2014 e 2015, como Repsol, Everis, PSA Peugeot-Citroën, Wartsila Ibérica, Viza, Roche Farma, Coren e Viaqua.

## O INFORME PISA 2015 SITÚA GALICIA POR RIBA DA MEDIA DE ESPAÑA E DA OCDE EN MATEMÁTICAS, CIENCIAS E LECTURA

- *Galicia colócase á cabeza das comunidades autónomas cos mellores resultados por competencias*
- *Un alumno galego obtén 42 puntos máis en matemáticas ca un de Canarias, e 39 puntos máis ca un de Andalucía en ciencias*
- *Os estudantes galegos melloraron 10 puntos en competencia lectora e 5 puntos en matemáticas con respecto ao informe de 2012*
- *En competencia científica Galicia está ao nivel de países cunha forte marca en tecnoloxía como Alemaña, Australia, Países Baixos, Corea do Sur e Suíza*
- *Confírmase unha tendencia de mellora continua, tanto en termos absolutos coma en comparación co resto das comunidades autónomas, xa que escalamos postos nas tres competencias avaliadas*
- *Os datos confirman que o sistema educativo galego é o máis equitativo dos países que participan no estudo*
- *A Consellería de Cultura e Educación continuará implementando accións que considera prioritarias para a mellora dos resultados, como son a formación do profesorado en todos os ámbitos, o reforzo dos contratos programa, a incorporación nos currículos de materias vinculadas ao eido tecnolóxico, o reforzo da lectura e das bibliotecas escolares a través dos plans LÍA e Plambe, e o plurilingüismo, entre outros.*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria deu conta hoxe ao Consello da Xunta dos resultados do informe PISA 2015, que confirma que Galicia acadou os mellores resultados da súa historia nas tres competencias avaliadas (lectura, matemática e ciencia), e que se sitúa por riba da media de España e dos países da OCDE.

O informe avalía que Galicia segue nunha liña de crecemento continuo no que atinxe ao seu sistema educativo, con importantes melloras tanto en termos absolutos como en comparación co resto das comunidades autónomas, e mesmo con outros países.

En definitiva, Galicia mellora a súa posición tanto a nivel global como en comparación co resto das comunidades autónomas do Estado, onde sobe dous postos na escala, ao pasar do quinto ao terceiro posto en competencia científica, empatada con Navarra (tras Castilla-León e Madrid), do sexto ao cuarto posto en competencia lectora (despois de Castilla-León, Madrid e Navarra), e do décimo ao oitavo posto en competencia matemática.

De feito, Galicia sitúase á cabeza das comunidades con mellores resultados, polo que un estudante galego obtén en matemáticas 42 puntos máis que un canario; 39 puntos máis ca un andaluz en ciencias e 34 puntos máis ca un estremeño en lectura.

Segundo os datos obtidos tras analizar o grao de adquisición de destrezas e coñecementos do alumnado de 15 anos, Galicia obtén 494 puntos en **competencia matemática**, 8 máis que a media española (486) e 4 máis que a media da OCDE (490).

Ademais, Galicia sobe 5 puntos en comparación co ano 2012 (cando obtivo 489 puntos). Na mesma liña van os resultados obtidos en **competencia lectora**, con 509 puntos (10 máis que os obtidos no informe de 2012), 13 máis que a media española (496), e 16 por riba da media da OCDE (493).

Canto á **competencia científica**, Galicia mantén os 512 puntos obtidos en 2012, o que a sitúa 19 puntos por riba de España e da OCDE (493 as dúas). De feito a comunidade autónoma sitúase ao mesmo nivel de países que se caracterizan por un importante desenvolvemento tecnolóxico como Alemaña, Australia, Países Baixos, Reino Unido, Corea do Sur e Suíza.

### **A primeira en equidade**

O Informe PISA 2015 confirma a Galicia como a comunidade autónoma co sistema educativo máis equitativo por diante de todos os países da OCDE. Este dato, que se obtén tras analizar a influencia do contexto sociocultural nos resultados académicos do alumnado, confirma o esforzo da Consellería de Cultura e Educación por garantir un acceso á educación en condicións de igualdade para todos.

De feito, unha das accións prioritarias do Goberno galego é a atención á diversidade de todos os colectivos. Tal como reflicten os últimos informes do Ministerio, Galicia é a comunidade autónoma máis inclusiva do Estado, co 91,1% do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), integrado no réxime ordinario. Isto é posible grazas á rede de 3.000 profesionais, entre coidadores e especialistas en PT (pedagogía terapéutica) e AL (audición e linguaxe) que traballan no noso sistema educativo público.

### **Políticas de implementación e reforzo**

A tendencia positiva que confirma o informe PISA ratifica as accións postas en marcha pola Consellería de Cultura e Educación para avanzar cara á excelencia do sistema educativo e que se sustenta en dous piares fundamentais, que son o profesorado e o alumnado.

Neste senso, é preciso salientar a dedicación e esforzo dos docentes galegos en prol da mellora da calidade educativa. Ademais, cómpre ter en conta o reforzo da

formación do profesorado, con liñas específicas para promover as competencias STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemática), para a implantación dos novos currículos e das novas materias de libre configuración, a mellora da competencia lingüística en linguas estranxeiras ou bases para mellorar a atención á diversidade e a convivencia.

Así mesmo, a Consellería segue reforzando os contratos programa, que buscan mellorar a calidade do ensino para reducir a porcentaxe de alumnado de baixo rendemento. Cun orzamento de 3,1 millóns de euros (un 18% máis que o ano pasado), os contratos programa permitiron a contratación de 154 docentes externos de apoio adicionais. Esta acción potencia a autonomía dos centros, que son os que deciden qué áreas deben reforzar e, precisamente, a liña máis demandada é o PROA (Programa de reforzo, orientación e apoio), seguida da de reforzo en competencias clave.

Na área de lectura, cómpre poñer en valor os plans no ámbito das bibliotecas escolares, como o PLAMBE (de Mellora de Bibliotecas) e o Plan LÍA (lectura, información e aprendizaxe).



## O SERGAS TEN EN MARCHA A ETAPA DE CONSULTAS AO MERCADO DO PROGRAMA DE INNOVACIÓN EN SAÚDE CÓDIGO 100

- *Cun orzamento de 13 millóns, o programa Código 100 diríxese ao envellecemento poboacional para optimizar a resposta do sistema sanitario público á demanda dos usuarios*
- *O obxectivo é captar ideas de pacientes, profesionais e empresas do sector agrupadas ao redor de tres liñas principais: o empoderamento dos pacientes, terapias avanzadas e xestión do coñecemento*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, ven de informar ao Consello da Xunta do calendario de execución do Plan Código 100, programa de innovación que persegue unha estratexia global de innovación no sistema público de saúde de Galicia que signifique novos códigos de actuación, de innovación e de desenvolvemento, con especial atención ao envellecemento da poboación.

Nestes momentos está aberta a etapa de consultas ao mercado, na que participan profesionais sanitarios, pacientes e empresas privadas. Durante esta etapa recóllese información coa que lanzar proxectos verdadeiramente dirixidos a retos sanitarios. A mediados de decembro, as actividades continuarán con reunións con clínicos e profesionais para detección de necesidades asistenciais, e en xaneiro está prevista a resolución dos pregos da oficina técnica e apoio de consultas ao mercado. A finais de 2017 poderían empezar a realizarse as primeiras licitación CPI.

Cun orzamento de 13 millóns, o programa Código 100 diríxese ao envellecemento poboacional para optimizar a resposta do sistema sanitario público á demanda dos usuarios. En concreto, prevese que en 2020 os galegos maiores de 65 anos superen o 24,5% do conxunto total da poboación. Esta iniciativa aposta pola innovación como ferramenta para aumentar a rapidez e eficacia que na actualidade se presta aos pacientes.

O programa Código 100 pretende captar ideas de pacientes, profesionais e empresas do sector agrupadas ao redor de liñas principais: o empoderamento dos pacientes, terapias avanzadas, e xestión do coñecemento.

A primeira liña de traballo do programa, dotada con cinco millóns de euros, incide na posta en marcha de novas ferramentas e terapias de diagnóstico para unha maior personalización dos tratamentos. A segunda liña, con catro millóns de euros, aposta polo desenvolvemento de proxectos que fomenten un maior empoderamento dos usuarios, na cal se deseñarán un conxunto de ferramentas e contidos multimedia para previr e favorecer a autoxestión dos enfermos, ademais de xerar un círculo informativo entre eles, o sistema sanitario e os seus profesionais.

Finalmente, a terceira liña céntrase nos profesionais sanitarios, desenvolvendo solucións para formar os profesionais e ao mesmo tempo xestionar o seu coñecemento desde o punto de vista organizativo e de recursos humanos, para o que contarán tamén con catro millóns de euros.

A información intercambiada durante esta etapa de consultas será imprescindible para abordar retos asistenciais a través de solucións tecnolóxicas non existentes na actualidade. Desta forma, Código 100 promoverá solucións que acheguen un beneficio asistencial e, ao mesmo tempo, actuará como catalizador da innovación no sector da saúde.

Esta etapa de consultas resulta clave para poñer en marcha proxectos de Innovación a través de compra pública innovadora, modalidade que mobilizará o 70% do orzamento do programa. Adicionalmente, articularase un dialogo transparente e aberto a través de medios dixitais, sesións técnicas e outras iniciativas encamiñadas a interaccionar dunha forma áxil e coordinada cos axentes con capacidade para impactar nas tres liñas de Código 100.

O Sergas conta para esta iniciativa co financiamento do Ministerio de Economía e Competitividade, que achegará 10,4 millóns de euros dentro do Programa operativo plurirrexional Feder de crecemento intelixente 2014-2020 (POCint). Os 2,6 millóns restantes asúmense ao 50% entre o Sergas e a Axencia Galega de Innovación (Gain).

## **O PLAN DE COMPRAS CENTRALIZADAS 2016-2017 DO SERGAS PREVÉ A REALIZACIÓN DE 57 EXPEDIENTES DE COMPRA POR UN VALOR ANUAL DE PRETO DE 150 MILLÓNS DE EUROS**

- ***Aos máis de 148 millóns de euros hai que engadir as prórrogas de anteriores contratos por un importe anual de 32,4 millóns***

O consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe do departamento que dirixe Jesús Vázquez Almuiña referido á situación do Plan de Compras Centralizadas 2016-2017 do Servizo Galego de Saúde.

Os principais puntos destacados do informe recollen que o Plan prevé a realización de 57 expedientes de compra para todos os centros do Sergas, por un valor de compra anual de 148,1 millóns de euros. Destas contratacións, 105,6 millóns de euros son compras de produtos e servizos que se incorporan por primeira vez ao sistema de compras integradas deste organismo. Aos máis de 148 millóns de euros hai que engadir as prórrogas de anteriores contratos por un importe anual de 32,4 millóns.

Coa posta en marcha deste plan, a Consellería de Sanidade contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público da nosa comunidade, reducindo os prezos dos bens e servizos adquiridos no mercado e mellorando e homoxeneizando a súa calidade en todo o sistema sanitario público.

Cómpre lembrar que os obxectivos do Plan, no cal colaboran todas as estruturas de xestión do Servizo Galego de Saúde, son, por un lado, avanzar cara á central de compras, unificando ao máximo posible os produtos almacenados na Plataforma lóxística do Sergas, e, por outro, contribuír á sustentabilidade económica do sistema, diminuindo os prezos de compra nun 10% como mínimo, debido ao incremento da escala de compra e á homoxeneización dos produtos adquiridos.

### **Estado de execución**

O informe hoxe tratado no Consello da Xunta amosa o estado de execución do plan en 2016, con 14 expedientes de compra adxudicados e en execución, 15 expedientes en licitación e 16 en preparación polos grupos técnicos formados por persoal sanitario e técnico dos centros sanitarios do Sergas. O resto de expedientes de compra iniciarán a súa preparación o vindeiro ano.

Ademais, móstranse os resultados económicos conseguidos cos expedientes de compra adxudicados e en execución e os que están en licitación sen adxudicar. Os 14 expedientes adxudicados supuxeron un aforro en termos de compra anual, debido á mellora de prezos, de 11,8 millóns de euros, o que supón unha baixa do 31,8% respecto do importe de compra anterior destes produtos. Os principais aforros

producíronse na contratación de anestésicos, medicamentos antiinfecciosos, apósitos de cura húmida e material auxiliar de cobertura cirúrxica.

Respecto dos 15 expedientes en licitación, supón un aforro mínimo, en termos de compra anual, debido á mellora dos prezos, de 5,1 millóns de euros, unha baixa dun 13,5% dos prezos de licitación sobre as compras anteriores. Os principais aforros se produciranse en medicamentos varios, próteses de cadeira, probas de control da terapia anticoagulante oral, gasas e compresas cirúrxicas, sondas e material de limpeza e recollida de residuos.

Cómpre remarcar, finalmente, que ata o momento o resultado económico global das contratacións integradas supera sobradamente o obxectivo inicial fixado nun 10% de mellora dos prezos de compra.

## **A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 6,3 MILLÓNS DE EUROS A FOMENTAR O ASOCIACIONISMO NO RURAL A TRAVÉS DE DÚAS ORDES DE AXUDAS DESTINADAS Á COMPRA DE MAQUINARIA E A EQUIPAMENTOS AGRÍCOLAS**

- *Aprobouse o pago de 2,6 millóns de euros para 32 entidades asociativas que adquiriron maquinaria agrícola para utilizar de forma conxunta*
- *Outras 9 cooperativas e sociedades agrarias de transformación cobrarán outros 900.000 euros ao longo deste mes, unha vez xustificuen o seu investimento*
- *Ademais, Medio Rural facilitará outros 2,8 millóns de euros a 16 entes máis para proxectos de instalacións ou equipamentos colectivos*

A Consellería do Medio Rural vén de trasladar dous informes ao Consello da Xunta polos cales se investirán 6,3 millóns de euros no rural galego a través de dúas ordes de axudas que pretenden fomentar o cooperativismo e asociacionismo no campo a través da compra de maquinaria e da execución de proxectos para instalacións e equipamentos que se utilizarán de forma colectiva.

En concreto, a Consellería do Medio Rural aprobou un primeiro pago da orde de axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014. Esta primeira achega supera os 2,6 millóns de euros, destinados a 32 entidades que xa xustificaron os pagos a día de hoxe. Ao longo deste mes de decembro esta contribución chegará ata os 3,5 millóns de euros, cando outras 9 entidades, ás que se lles concedeu unha prórroga, teñen previsto xustificar a súa compra.

Doutra banda, tamén se deu conta ao consello da resolución da orde de axudas destinadas ao fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadas igualmente co Feader a través do PDR 2014-2020. Neste caso, a achega ascende a 2,8 millóns de euros para 16 entidades.

A maioría de solicitantes reclamaron a achega para almacéns de maquinaria ou materias primas, para naves de diverso tipo de gando e instalacións que melloran as labores propias das explotacións. Estas axudas traduciranse nun investimento total no rural de 5,6 millóns de euros, xa que as achegas, aínda que varían segundo o proxectos, representan entre o 40% dos custos elixibles ata o 70% do investimento total do proxecto.

Ambas ordes van dirixidas a cooperativas agrarias, de explotación comunitaria da terra e de utilización de maquinaria agrícola (CUMA), así como ás Sociedades Agrarias de Transformación. A través desta contribución a Xunta de Galicia apoia os sistemas de explotación asociativa con fins agrarios co obxectivo de facer un uso máis racional dos

factores de produción. Ademais, favorécese a introdución de novas tecnoloxías no campo, algo crucial para garantir un futuro sostible, pero que en moitos casos sería imposible de incorporar sen unha axuda debido aos altos custos. Logramos así explotacións máis eficientes e sustentables, tanto no eido económico-social como ambientalmente, mellorando, polo tanto, as condicións de vida da poboación vinculada a estes sectores.